

Outra vez Le Carré

La canción de los misioneros · John
Le Carré · Areté - Plaza & Janés
Editores, 2006 · 432 páx. · 22,90
euros


Bruno Salvador –alias Salvo–, fillo dun misioneiro católico irlandés e dunha aldeá congoleza, gaña a vida como intérprete no Reino Unido. O seu amplo e profundo coñecemento de francés, inglés, suahili e unha serie de linguas faladas nunha extensa zona do convulso Congo oriental convérteno nun especialista cuxa presenza se reclama en congresos sobre asuntos do Terceiro Mundo e levarao a unha reunión secreta nunha illa do norte na que varios personaxes intentan decidir o futuro do Congo e das súas riquezas baixo a hipócrita coartada, por parte dos occidentais, de procurar o mellor para o país. A excesiva implicación de Salvo no asunto cambiaralle por completo a vida, pois decidírase pola súa metade africana.

A novela, narrada en primeira persoa polo protagonista, pretende ser unha longa carta dirixida a Noah, o fillo de Hannah, enfermeira que coñece e da que se namora nun dos seus traballos. En efecto, a conciencia política dela despertará a dun Salvo até entón acomodado nunha existencia sen grandes sobresaltos e na que conseguira dar preeminencia á súa metade branca.

Unha gran parte da obra, se cadra demasiada, está dedicada a esa reunión da que non se nos aforran detalles que inciden na dobre moral dos occidentais, tópicos culpables da situación que aflixe a África; mesmo asistimos a unha escena de

tortura que persegue convencer un asistente escéptico e que non achega á acción máis ca un toque de crueldade (case) gratuíta.

Esta é a segunda novela que Le Carré dedica a África despois de *El jardinero fiel* e a primeira protagonizada por un mestizo, un non branco, personaxe que, segundo o autor, lle daba a



oportunidade de reflexionar con ironía sobre os problemas de integración dos mesmos na cultura occidental. De fondo, nas dúas, as onnipotentes empresas multinacionais que actúan sen escrúpulos ante a indiferenza duns cidadáns cada vez máis afastados da política e a convivencia duns políticos cada vez máis ávidos de poder.

Os seguidores fieis de John Le Carré non se sentirán defraudados con esta novela, pois contén todos os ingredientes que levan caracterizando a súa obra desde o comezo: acción, trama ben armada, certas doses de intriga, estilo fluído, ironía... Os demais quizais experimenten certo cansazo ante a lonxitude da reunión xa citada e algúns tópicos que, precisamente por sabidos, chegan a aburrir.

// **Uxía Casal**